
NADARÍN

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartonné. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 15 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Nadarín (galego)

ISBN 978-84-8464-628-0. Tras os montes.

Nadarín (castelán)

ISBN 978-84-96388-60-4. Clásicos contemporáneos.

Neda-que-neda (catalán)

ISBN 978-84-16804-02-3. Clásics contemporanis.

Igeritz (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-630-3. Gaur egungo klasikoak.

Nadadorzinho (portugués)

ISBN 978-972-8781-59-0. Clásicos contemporáneos.

Nun recuncho perdido do mar vivía feliz un banco de peixes.

Todos eran vermellos. Só un era negro como a cuncha

dun mexillón. Nadaba mellor có resto dos seus irmáns e irmás.

Chamábanlle Nadarín...

A historia de Nadarín, como todos os libros de Leo Lionni,

invita a pensar e a aprender valiosas leccións vitais.

O valor da diferenza e o respecto a quen -por cultura

ou aspecto físico- non comparte as características comúns,

reflicte nas primeiras páxinas deste clásico da literatura

infantil de todos os tempos.

Máis aínda, a superación dos medos propios, a forza de vontade

para gozar do que nos rodea malia as adversidades

que se presenten e a solidariedade cos nosos semellantes,

tamén se plasman neste relato de gran calidade estética,

de frases curtas cheas de figuras retóricas sutís e suxestivas.

E como emblema da obra, unha mensaxe para os lectores:

a unión fai a forza.


Destaca a orixinalidade da proposta estética de Leo Lionni

neste álbum datado en 1963 que, aínda co paso do tempo,

conserva toda a súa frescura. Cunha técnica semellante

ás "manchas de cor", recrea un universo mariño

repleto de movemento e de riqueza cromática.



■ **Temática:** a diferenza, a forza da unión, superación da dor e dos medos.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura

infantil de todos os tempos; técnica das

manchas de cor; do autor de "Frederick",

"A casa máis grande do mundo", "Paso a paso",

"Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", "O soño

de Matías", "Álex e o rato de corda" e da serie

para pre-lectores "Cores" e "Números"

(Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/nadarin-g_145299baefa63e

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910-Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. A súa formación académica non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e interesouse polo deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa fama como artista e as súas obras exhibíronse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia". O seu primeiro libro para nenos, que non chegou ata 1959, xurdiu por casualidade: nunha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito con anacos de papel de seda. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que lle seguiron máis de 40 títulos aclamados en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como pintor, ilustrador, deseñador e escultor, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
